

Punto Limpo de Boqueixón

**UN CONCELLO
SEN DESPERDICIO**



Polígono Industrial de Sergude 1,
onde esta situado o Punto Limpo de Boqueixón

O peche e restauración do vertedoiro municipal de Lamas, a construción do **Punto Limpo** e a posta en marcha do servizo de recollida selectiva supón para Boqueixón ter solucionado o tratamento integral dos residuos que xeneran os seus veciños, realizando neste campo **investimentos superiores ós 600.000 €.**

Un sistema que **coida do noso controno** para mantelo libre de lixo, de contaminación, de vertedoiros incontrolados...

Porque a todos **nos gusta vivir no mellor Concello, traballa con nós** para axudarnos a mantelo limpo, ecolóxico, a punto co medio ambiente.



Concello de Boqueixón

Punto Limpo de Boqueixón

**UN CONCELLO
SEN DESPERDICIO**



Concello de Boqueixón

¿Qué é e onde está o Punto Limpo de Boqueixón?

→ Unha instalación municipal onde os veciños se poden desfacer dos residuos que, pola súa voluminosidade ou perigosidade, non se poden depositar nos colectores das rúas. Sitúase no Polígono Industrial de Sergude I, moi preto da ponte sobre o ferrocarril, nas veiras da

estrada AC-960 A Susana-Ponte Ledesma



¿Qué residuos podemos levar ao Punto Limpo?

→ Mobles e colchóns en desuso • electrodomésticos vellos • restos metálicos do fogar • cascallo de pequenas obras • pilas e baterías • disolventes, pinturas e vernices • fluorescentes e sprays • aceites usados • papel e cartón • vidro, têxtil • envases de plástico, bricks e latas

NON se poden depositar

- Materia Orgánica, xa que se ten que depositar nos colectores da rúa
- Materias industriais de empresas, que deben de ter un sistema propio de xestión dos seus residuos

¿Cómo funciona o Punto Limpo?

→ As instalacións están abertas para os veciños tódolos sábados de dez da mañán a dúas do mediodía e de catro da tarde a oito do serán. De tódolos xeitos, se algún veciño precisa a apertura do Punto Limpo noutro horario, poderao comunicar no teléfono 981.513434.

Os veciños que se teñan que desfacer de residuos poderán acceder ó punto limpo con calquera clase de vehículos (furgonetas, camións, tractores...). O deseño do Punto Limpo fai que o depósito do material sexa fácil e cómodo.

RECORDA CLASIFICAR ANTES OS MATERIAIS